

entidades de acción voluntaria para o fomento e realización de actividades de voluntariado na contía de 199.632,60 € (cento noventa e nove mil seiscientos trinta e dous euros con sesenta céntimos) con cargo á partida orzamentaria 2008.05.42.312F.481.0 (proyecto 2003 00513) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago Compostela, 5 de novembro de 2008.

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Decreto 254/2008, do 23 de outubro, polo que se aproba a modificación parcial dos estatutos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 150.2º da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfere no marco da lexislación básica do Estado o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e asumíuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, tendo a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, asignadas as competencias nesta materia, en virtude do Decreto 37/2007, do 15 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da citada consellería.

A Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais, na súa disposición transitoria segunda establece que no prazo de nove meses contados desde a entrada en vigor da lei, os colexios profesionais e demais organizacións corporativas deberán ter constituídos os seus respectivos rexistros profesionais.

En cumprimento da disposición citada, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia comunicoulle á

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o 5 de setembro de 2008 a modificación dos seus estatutos, aprobada en xunta xeral extraordinaria que tivo lugar o 30 de maio de 2008, para os efectos da súa aprobación definitiva, logo de cualificación de legalidade, conforme o disposto no artigo 18 da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tendo en conta o exposto, en virtude do uso da competencia que ten atribuída polo artigo 34.5º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e logo de deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día vinte e tres de outubro de dous mil oito,

DISPOÑO:

Artigo único.-Aprobación da modificación parcial dos estatutos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Apróbase, por ser adecuada á legalidade, a modificación parcial do Decreto 293/1999, do 28 de outubro, polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

A modificación parcial dos estatutos figura como anexo a este decreto.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e tres de outubro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO

Modificación parcial dos estatutos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

Artigo 23º

O artigo 23º dos estatutos pasa a ter a redacción seguinte:

Artigo 23º.-Sociedades profesionais.

1. Os arquitectos incorporados ao COAG poderán asociarse entre eles baixo a figura de sociedade profesional que, tendo fixado o seu domicilio social na demarcación territorial do colexio, teña por obxecto social o exercicio da profesión de arquitecto, ou o exercicio multidisciplinar da arquitectura e calquera outra profesión ou profesións non incompatibles con aquela para cuxo desempeño se requira titulación universitaria oficial, ou titulación profesional

para cuxo exercicio sexa necesario acreditar unha titulación universitaria oficial, e inscrición no correspondente colexio profesional, nos termos previstos na Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais.

2. As sociedades constituídas deberán incorporarse ao COAG e serán inscritas no seu Rexistro de Sociedades Profesionais sempre e cando reúnan os requisitos fixados na normativa de aplicación.

3. A inscrición no rexistro colexial, que será único e terá validez en todo o territorio nacional, producirá os seguintes efectos:

1. Dotará a sociedade profesional de capacidade de obrar no ámbito colexial e profesional, permitiéndolle, ademais de participar no acto público do visado, que se lle imputen os dereitos e obrigas derivados da actividade profesional que desenvolvan os arquitectos colexiados a través dos cales desempeñe o seu obxecto social, sen prexuízo da responsabilidade que a cada un deles alcance. Non obstante, en ningún caso se admitirá que nos documentos integrantes do traballo profesional propio dos arquitectos figuren sinaturas que non sexan as do arquitecto ou arquitectos autores del. Exceptúanse aqueles casos de traballos profesionais realizados en colaboración con outros técnicos non arquitectos, en que terá que figurar o seu nome e titulación e o visado do respectivo colexio profesional.

2. Habilitará a sociedade profesional para ser recoñecida, para efectos colexiais e profesionais, polo resto dos colexios oficiais de arquitectos existentes en España, sempre tras a correspondente habilitación dos profesionais a través dos cales exerza a súa actividade.

3. Permitiralle ao colexio o exercicio sobre a sociedade profesional das competencias que lle outorga o ordenamento xurídico sobre os profesionais colexiados, nos termos establecidos na normativa que resulta de aplicación.

4. A sociedade profesional unicamente poderá exercer as actividades profesionais a través dun arquitecto colexiado ou habilitado no colexio.

5. Tanto os impresos de nota-encargo e orzamento como a solicitude de visado e a presentación da documentación que se presente ao visado colexial deberán ser subscritos sempre polo profesional ou profesionais colexiados ou habilitados que se responsabilicen do traballo profesional obxecto do encargo.

6. Cando a sociedade profesional actúe a través dun arquitecto colexiado ou habilitado que non teña a condición de socio profesional, deberá consignarse na nota de encargo e orzamento a relación profesional que os vincula.

7. O acto público do visado poderá practicarse a nome do profesional colexiado ou da sociedade profesional, neste último suposto deberase acreditar o

profesional que se responsabilice do traballo, consignándose a súa relación coa sociedade profesional.

8. Na documentación dos traballos profesionais sometidos a visado poderá figurar a denominación ou logotipo da entidade, pero deberá aparecer necesariamente a sinatura do arquitecto ou dos arquitectos responsables deles.

9. A inscrición da sociedade profesional no rexistro colexial non implica en ningún caso a adquisición por esta dos dereitos políticos, activos e pasivos, que os estatutos colexiais recoñecen aos arquitectos colexiados. A intervención das sociedades profesionais na vida colexial levarase a cabo en todos os casos a través do socio ou socios profesionais adscritos ao colexio, ao carecer a sociedade profesional de dereitos políticos.

Artigo 23º. bis.

Engádesse un novo artigo 23º.bis:

Artigo 23º. bis.-*Sociedades profesionais multidisciplinares.*

1. Os arquitectos incorporados ao COAG poderán asociarse baixo a figura de sociedade profesional multiprofesional con outros profesionais non incompatibles entre si, sempre que iso non afecte a súa plena capacidade para o exercicio da profesión de arquitecto, utilizando calquera forma lícita en dereito, incluída as sociedades mercantís, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Que a sociedade teña por obxecto a prestación de servizos conxuntos determinados, incluíndo servizos de arquitectos específicos que se complementen cos das outras profesións.

b) Que a actividade que se vai desempeñar non afecte ao correcto exercicio da profesión de arquitecto por parte dos membros arquitectos.

c) Que se cumpran as condicións establecidas no artigo anterior no que afecte ao exercicio da profesión de arquitecto.

d) Que a sociedade faga constar en todos os seus documentos, facturas, proxectos, planos, impresos de nota-encargo e orzamento a solicitude de visado, documentación que se presente ao visado colexial, follas de encargo, e demais que emita no desenvolvemento da súa actividade no que afecte a profesión de arquitecto o carácter de sociedade multidisciplinar.

e) Que os membros arquitectos teñan a maioría dos dereitos patrimoniais, económicos e de xestión da sociedade.

2. No Rexistro de Sociedades Profesionais do COAG crearse unha sección onde se inscribirán as sociedades multidisciplinares.

3. Os membros arquitectos deberán separarse cando calquera dos seus integrantes incumpra as nor-

mas sobre prohibicións, incompatibilidades ou deontoloxía propias da profesión de arquitecto.

Artigo 68º.1.

O número 1 do artigo 68º dos estatutos pasa a ter a seguinte redacción:

Artigo 68º.-Responsabilidade disciplinaria, órganos e competencias.

1. Os arquitectos e as sociedades profesionais incorporadas ao COAG como colexiados quedan sometidos á responsabilidade disciplinaria polo incumprimento dos seus deberes legais, profesionais e deontolóxicos. Igualmente quedan suxeitos á potestade disciplinaria do colexio os arquitectos e sociedades profesionais habilitados cando a infracción fose cometida ou producise o seu efecto no ámbito territorial do COAG. Para tales efectos, en toda referencia que neste capítulo X se faga aos arquitectos, deben entenderse comprendidas nela as sociedades profesionais.

Artigo 69º.3.

Engádesse unha nova letra n) no número 3 do artigo 69, coa seguinte redacción:

n) Desenvolvemento por arquitectos de actividades profesionais con carácter colectivo, sexa este desempeño profesional colectivo baixo forma societaria ou non, sen adecuarse ás previsións da Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais, a súa normativa de desenvolvemento e complementaria.

Artigo 70º.1.

Engádesse un parágrafo final ao número 1 do artigo 70º dos estatutos, que pasa a ter a redacción seguinte:

Artigo 70º.-Sancións.

1. As correccións ou sancións que poderán ser impostas serán:

1ª. Apercibimento por escrito.

2ª. Reprensión pública.

3ª. Suspensión no exercicio profesional no ámbito do COAG por un prazo non maior de seis meses.

4ª. Suspensión no exercicio profesional no ámbito do COAG por un prazo entre seis meses e un día e un ano.

5ª. Suspensión no exercicio profesional no ámbito do COAG por un prazo entre un ano e un día e dous anos.

6ª. Suspensión no exercicio profesional no ámbito do COAG por un prazo entre dous anos e un día e catro anos.

7ª. A corrección 6ª e ademais proposta de suspensión no exercicio profesional en todo o territorio español por un prazo non maior de dous anos.

8ª. Expulsión do COAG con proposta de suspensión no exercicio profesional en todo o territorio español por un prazo non maior de catro anos.

As correccións 3ª a 8ª levarán como accesorias a suspensión dos dereitos electorais polo tempo da súa duración e o cesamento nos cargos colexiais que se exercesen.

Así mesmo, cando as infraccións sexan cometidas por unha sociedade profesional, aplicaranse as mesmas sancións descritas neste artigo, e implicarán simultaneamente as sancións 3ª a 8ª a baixa da sociedade no Rexistro de Sociedades Profesionais polo mesmo período da súa duración.

Orde do 31 de outubro de 2008 pola que se declara de interese galego a Fundación Catedral Santiago de Compostela e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións, sección da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Con data do 9 de outubro de 2008 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 1 de outubro de 2008 pola que se clasifica como mixta a Fundación *Catedral Santiago de Compostela*, adscribíndoa á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, departamento a que corresponde o exercicio das funcións de protexorado.

A fundación foi constituída en escritura pública outorgada en Santiago de Compostela o día vinte e tres de xullo de dous mil oito, ante o notario José Antonio Cortizo Nieto, co número de protocolo mil douscentos oitenta, por José María Díaz Fernández, que actuou no exercicio do seu cargo de deán presidente, en representación do Cabido Compostelán.

Na escritura pública consta, así mesmo, a dotación fundacional, a identificación das persoas que compoñen o padroado e os estatutos da fundación.

Segundo se establece nos artigos cinco e seis dos seus estatutos, a fundación ten por obxecto a promoción, fomento e axuda de todo tipo á catedral de Santiago de Compostela, ao seu contorno e ao seu patrimonio artístico e cultural.

En cumprimento dos fins fundacionais a fundación ten previsto desenvolver as seguintes actividades:

Realizar e promover estudos e traballos de investigación en relación coa catedral de Santiago de Compostela, elaborar e editar publicacións, organizar coloquios e campañas de divulgación e participar en reunións e eventos relacionados con estes temas.